

A XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL

1. Órgano de representación

A dirección e administración de Culturmar é exercida pola Xunta Directiva; a día de hoxe formada por 7 membros representantes de distintas asociacións que compoñen a Federación.

Elixidos en Asemblea Extraordinaria o 27 de xuño do 2020, actualmente a Xunta Directiva está composta por:

PRESIDENTE: José Luis Sacau Fontenla (Muros) en representación da <i>Asociación Mar de Muros</i>
VICEPRESIDENTE: Xaquín Lores Torres (Malpica de Bergantiños) en representación do <i>Grupo Etnográfico Mascato</i>
SECRETARIO: Daniel García Niñez (Illa de Arousa) en representación da <i>Asociación Cultural Dorna</i>
TESOUREIRO: Enrique Sendra Ortega (Cangas) en representación da <i>Asociación Recreativa Mar da Pedra de Amigos das Gamelas</i>
VOGAL: Pablo Carrera López (Gondomar) en representación da <i>Asociación Amigos do Museo do Mar de Galicia</i>
VOGAL: Marcos Buide Pollán (Santiago de Compostela) en representación da <i>Asociación Cultural Lajareu por Barlovento</i>
VOGAL: Alberte Mozo Quintela (Vigo) en representación da <i>Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos San Miguel de Bouzas</i> .

A distribución de cargos da Xunta Directiva foi realizada seguindo o indicado nos artigos 19º e 45º dos Estatutos e ratificada por unanimidade dos asistentes en asemblea no mesmo acto.

2. Retribucións

A labor da Xunta Directiva está prestada de xeito desinteresado por todos os membros que a compoñen; así non perciben ningunha retribución polos servizos prestados a favor da Federación. Únicamente son compensados aqueles gastos nos que se incorre, previa xustificación, no desenvolvemento da súa condición tales como desprazamentos, peaxes...

Así se recolle no artigo 20º cap. III dos seus estatutos, “estes cargos serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados os gastos xustificadas polo desenvolvemento da súa condición de representante da Federación Galega pola Cultur Marítima e Fluvial. Carecen de interese económico nos resultados da actividade...”